

Resolución do, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se formaliza a convocatoria para a selección de aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde na categoría de médico de urxencias hospitalarias .

O artigo 67 do decreto 206/2005 de provisión no referente a selección de licenciados sanitarios de atención especializada remite a selección de aspirantes mediante listaxes periodicamente elaboradas e remisión ás normas do Pacto para a confección das mesmas.

Con base nas ditas normas, e con respecto ás competencias das Xerencias de Atención Especializada en canto a selección do persoal facultativo, pódese realizar a presente convocatoria dentro do marco de selección temporal do Pacto citado que regula as vinculacións temporais no SERGAS.

Esta resolución ten por obxecto formalizar a convocatoria para a selección de aspirantes a vinculacións temporais da categoría de médico de urxencias hospitalarias.

Logo do acordo do contido desta convocatoria no seo da comisión central de seguimento do pacto, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, en uso das atribucións conferidas polo Decreto 46/2006, do 23 de febreiro (Diario Oficial de Galicia nº 56, do 21 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta División

RESOLVE:

Primeiro.- Obxecto.

Por medio desta resolución procédese a convocar os aspirantes interesados en presentar a súa solicitude de inscrición nas listaxes que se confeccionen ás

que lle serán aplicables as normas previstas no pacto de selección temporal para vinculacións temporais do SERGAS (Diario Oficial de Galicia nº 104, do 1 de xuño) e demais que resulten no seu desenvolvemento.

Segundo.- Méritos

Para a avaliación dos méritos aplicarase aos aspirantes o baremo de médicos de familia, contido no anexo I do mentado Pacto, agás os apartados VI, VII e IX, que son específicos de médicos de familia.

Terceiro.- Solicitudes e prazo.

1. Solicitudes:

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se achega como anexo a esta convocatoria e na páxina web do Servizo Galego de Saúde <http://sergas.es>, xunto coa documentación necesaria. Facilitaranse así mesmo nas direccións provinciais do SERGAS, nos centros hospitalarios e nas Xerencias de atención primaria.

2. Prazo:

As solicitudes no modelo normalizado, xunto coa documentación necesaria, presentaranse no prazo máximo de quince días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.-Requisitos.

1. Os requisitos, que deberán posuír os aspirantes, serán os recollidos na disposición 5.3 do pacto citado (Diario Oficial de Galicia nº 104, do 1 de xuño), agás o último parágrafo do mesmo, así como os que se dispoñen nesta resolución.

2. A presentación da solicitude no modelo normalizado resulta requisito imprescindible, en todos os casos, para adquirir a condición de aspirante.

As solicitudes poderán presentarse nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia, nos rexistros das direccións provinciais do SERGAS, nos rexistros dos centros hospitalarios do SERGAS e nos rexistros das Xerencias de atención primaria do SERGAS, así como tamén nas oficinas de correos nas condicións a que se refire o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse á dirección provincial do SERGAS que corresponda coa provincia da área sanitaria onde se ubique o hospital ou complexo hospitalario. As áreas de xestión e as provincias figuran no reverso do modelo de solicitude.

3. Os requisitos de titulación que deben reunir os aspirantes dentro do prazo de solicitude será a posesión do título de licenciado en medicina xunto coa acreditación para o exercicio da medicina de familia, ou ben o título de médico especialista dalgunhas das especialidades médicas ou médico cirúrxicas.

4. Será absolutamente imprescindible para a admisión e, de ser o caso, valoración dos méritos dos aspirantes que acheguen as certificacións acreditativas dentro do prazo de presentación de solicitudes. Calquera certificación achegada fóra do indicado prazo será rexeitada e excluída da valoración, agás o disposto no parágrafo segundo do punto 1 da presente norma. Só se valorarán os méritos acreditados ata o día inmediatamente anterior á data de publicación no Diario Oficial de Galicia desta convocatoria.

5. Xustificante de ter aboadas as taxas. De acordo co previsto na última disposición desta resolución, deberá acreditarse mediante o exemplar para a administración do impreso de autoliquidación que figura no anexo nº ----- , en que constará o selo da entidade bancaria, co aboamento das taxas. Non presentar este anexo determinará a exclusión do aspirante.

Quinto.- Selección

A petición das Xerencias de atención especializada realizarase unha proba de coñecementos e capacidade de carácter teórico-práctico que determinará a o director xerente do centro sanitario de atención especializada segundo se determine, previa negociación no seo da xunta de persoal ou comisión de

centro entre os aspirantes que figuran como admitidos na lista que resulte desta convocatoria.

A proba determinará unicamente a cualificación de apto ou non apto. Para aqueles aspirantes que fosen declarados aptos na proba, aplicaranse os baremos de méritos contidos nesta resolución, resultantes da suma das puntuacións que por cada apartado de méritos se estableza.

Sexto.-Documentación.

1. Xunto coa solicitude e demais documentos que figuran como requisitos, coa copia do DNI, debidamente compulsado, os interesados deberán achegar os xustificantes dos requisitos esixidos e méritos alegados. A acreditación dos documentos efectuarase nos termos previstos nesta convocatoria mediante documentos orixinais ou copias fotoestáticas compulsadas, segundo se recolle no reverso do modelo de solicitude, e con base no disposto no anexo do pacto que contén o baremo aplicable ao presente caso.

De acordo co indicado no parágrafo anterior, xunto coa documentación necesaria para o acceso, para a valoración da epígrafe de experiencia profesional, deberá presentarse certificado asinado polo director da institución sanitaria ou empresa, na que conste toda a información necesaria para a baremación. Para estes efectos, cómpre clarexar que a vida laboral non acredita os servizos prestados.

Sétimo.- Entrada en vigor das listaxes e compatibilidade .

As listaxes que se elaboren en execución desta convocatoria entrarán en vigor na data indicada na publicación das listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos.

A publicación das listas provisionais e definitivas formalizarase nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do SERGAS e das Xerencias de atención primaria, hospitais e complexos hospitalarios, así como tamén na páxina web do SERGAS.

Os aspirantes que figuren nestas listas poderán figurar tamén nas listas de Médicos de familia ou noutras que se elaboren na especialidades médicas ou médico cirúrxicas no ámbito do SERGAS, polo que se declaran compatibles con elas.

Noveno.- Aboamento de taxas.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar neste proceso, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de inscrición nas listas o importe de 15,92€ e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes, mediante transferencia bancaria nalgunha das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

Estarán exentos do aboamento desta taxa os aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Tal circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude de inscrición, mediante fotocopia compulsada da cualificación de discapacidade.

O impreso de autoliquidación, así coma os códigos para cubri-lo, seranlles facilitados aos interesados xunto coa solicitude de inscrición nas direccións provinciais do SERGAS, nos centros hospitalarios e nas Xerencias de atención primaria, sen que en ningún caso a simple transferencia de ingreso poida substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Non presentar, xunto co modelo de solicitude de inscrición, este impreso de autoliquidación en que deberá figurar o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante.

En caso de erro ou discrepancia co importe autoliquidado, establecerase unha exclusión provisional, que poderá ser emendada no prazo de reclamacións á resolución de publicación das listas provisionais de aspirantes admitidos e excluídos.

O importe aboado por este concepto devolverase aos aspirantes que se declaren excluídos na publicación das listas definitivas de admitidos e excluídos e que así o soliciten.

Décimo.- Incorporación automática de novos aspirantes.

1. En aplicación do disposto na norma xeral 6.3 do pacto, os aspirantes interesados poderán presentar a súa solicitude, sen necesidade dunha previa convocatoria, durante os quince primeiros días dos meses de xullo de 2006, outubro de 2006 e marzo de 2007, e nas mesmas datas nos anos sucesivos, de ser o caso. Indicarase no modelo o período de solicitude -mes (xullo, outubro, marzo) e ano- e a prelación virá determinada pola orde derivada do citado prazo e da prelación de aspirantes que resulte da avaliación. As solicitudes deberán ser dirixidas ás direccións provinciais do SERGAS.

2. As direccións provinciais do SERGAS divulgarán un recordatorio da apertura do citado prazo na segunda quincena do mes anterior que corresponda. Terán á disposición dos interesados os modelos normalizados de solicitude.

3. Coas solicitudes presentadas por mor da incorporación automática, realizarase a valoración consonte o baremo da categoría correspondente, e procederá a publicación das listaxes provisionais e definitivas de puntuacións.

4. A lista que resulte pasará a integrarse nas listas vixentes en virtude da presente convocatoria, polo número de orde que resulte ao final das listas extraordinarias publicadas en último lugar en cada categoría.

5. Unha vez resoltas e publicadas as listas definitivas da presente convocatoria xeral, os aspirantes incorporados por mor deste epígrafe, pasarán a figurar ao final dos aspirantes integrados na lista resultante da citada convocatoria xeral. De figurar nas dúas listas, xeral e subsidiaria, serán dados de baixa na lista subsidiaria agás que, no prazo de dez días desde a publicación da lista definitiva, manifesten por escrito, perante a dirección provincial correspondente, a outra opción.

6. Idéntico tratamento outorgarase á lista que resulte dos aspirantes que se incorporen a estas listas polo quenda de promoción interna temporal.

Santiago de Compostela, o.... de..... de 2006.

Antonio José Fernández Paniagua

**Director Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento
Profesional do Servizo Galego de Saúde**